



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### Obxectivo-Preámbulo

Dentro dos servizos que ofrece a Área de Tecnoloxías da información e as Comunicazóns, os recursos informáticos e redes que deseguido se regulan son fundamentais para cumprir o seu obxectivo de apoio á docencia e investigación.

Os conflitos nados do uso dos recursos telemáticos por parte dos membros da comunidade universitaria, o establecemento dunha rede segura, a adecuación á lexislación vixente e as novas tecnoloxías emerxentes como a wireless, presentan a necesidade de establecer unhas normas para o uso óptimo dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo.

A finalidade desta normativa é o establecemento dun marco de actuación que describa os dereitos e responsabilidades dos usuarios, buscando sempre o mellor aproveitamento dos recursos informáticos.

A rede da Universidade de Vigo utiliza recursos e infraestructuras do CESGA a nivel galego e de REDIRIS a nivel nacional, polo que esta normativa está amparada e de acordo coas normativas das devanditas institucións.

### Artigo 1. Ámbito de aplicación

1.- O ámbito de actuación desta Normativa esténdese a tódolos usuarios da Universidade de Vigo, así como a calquera dispositivo conectado á rede da Universidade de Vigo, incluíndo conexións en remoto. Defínese usuario como calquera membro da comunidade universitaria que faga uso dalgún recurso informático ou rede da Universidade de Vigo.

### Artigo 2. Dereitos dos usuarios

1.- O persoal docente e investigador e de administración e servizos teñen dereito a dispoñer de acceso á rede Internet unicamente para o desenvolvemento das súas funcións profesional. Os/as alumnos/as tamén teñen dereito ó devandito acceso a través de aulas informáticas ou mediante a rede inarámica, e unicamente para o desenvolvemento das súas actividades académicas.



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

2.- Na súa actividade ordinaria na rede, os usuarios terán dereito a preservar o seu anonimato. Non obstante, a Universidade de Vigo establecerá os mecanismos pertinentes para poder identificar, en caso necesario, os terminais que están actuando a través da rede.

3.- A Universidade de Vigo recoñecerá, respectará e defenderá o dereito dos autores as súas creacións intelectuais e industriais, de acordo coa normativa vixente.

4.- Os usuarios terán dereito ó soporte técnico vía telefónica, por parte dos Servizos Informáticos (exceptuando os equipos privados), durante o horario establecido para iso e en función dos recursos dispoñibles.

### Artigo 3.- Deberes dos usuarios

1.- Os usuarios son plenamente responsables dos ordenadores e recursos (contas, contrasinais, dispositivos, etc) mediante os cales se conectan á rede, por iso deben revisar periodicamente os seus equipos, eliminando calquera virus, programa ou ficheiro que poida causar danos a outros equipos da rede ou viole algunha norma desta Normativa, así como seguir calquera recomendación dictada polos Servizos Informáticos. Co obxecto de resolver os problemas que poidan xurdir, os usuarios deberán encher o formulario correspondente para acceder á rede. En caso de conflitos, os usuarios deberán colaborar ó máximo co persoal dos Servizos Informáticos no exercicio das súas funcións de inspección e acceso aos recursos informáticos para chegar á súa resolución.

2.- Calquera cambio de titularidade dos recursos informáticos, ou de calquera dato relevante (teléfono, ubicación, toma, etc.) deberá ser notificado os Servizos Informáticos, sendo responsable do seu uso ata que se produza a devandita notificación.

3.- Os usuarios deberán utilizar correctamente os recursos públicos que a Universidade de Vigo lles subministra, e unicamente usarán a infraestrutura e os servizos da Universidade de Vigo para as actividades académicas e de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, incluíndo as tarefas administrativas asociadas.

4.- Os usuarios tamén deberán utilizar eficientemente a rede, co fin de evitar problemas na mesma. Como norma xeral, non se permitirá a conexión á rede de comunicacións da Universidade de Vigo de ningún dispositivo, incluíndo puntos de acceso inalámbricos ou semellantes, sen o permiso dos



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Servizos Informáticos, utilizando para iso os formularios correspondentes. No caso de dúbida, deberá consultar cos Servizos Informáticos para obter a autorización correspondente. O acceso á rede inarámica da Universidade de Vigo será exclusivo para alumnos/as, profesores/as e persoal de administración e servizos, e coa mesma finalidade que calquera outro recurso especificado nesta Normativa.

5.- Os usuarios deben coñecer e respectar a lexislación vixente en novas tecnoloxías, en concreto en materia de protección de datos e pola lei de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico. Os arquivos que conteñan datos persoais que poidan ser susceptibles de inclusión no ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal deben respectar as medidas de seguridade establecidas na antedita Lei.

6.- O uso de recursos informáticos e redes esixe a aceptación e o coñecemento das normas que o regulan . O descoñecemento desta Normativa non exime do seu cumprimento, e a Universidade resérvase o dereito de iniciar as accións oportunas naqueles casos que, aínda que non estean previstos nas presentes normas, si poidan ser contemplados no código penal ou en calquera outra norma aplicable.

### Artigo 4.- Actividades prohibidas

1.- En ningún caso se poderá acceder os recursos informáticos e telemáticos para desenvolver actividades que persigan ou teñan como consecuencia:

- A creación ou transmisión de material que prexudique a dinámica cotiá dos usuarios da rede.
- A conxestión dos enlaces de comunicacións ou sistemas informáticos.
- A destrución ou modificación premeditada da información doutros usuarios.
- A violación da privacidade e intimidade doutros usuarios.
- O deterioro do traballo doutros usuarios.
- O uso da rede para fins privados ou persoais, fins de lecer e fins comerciais, alieos as actividades propias da súa institución.
- Incorrer en actividades ilícitas e ilegais de calquera tipo e, particularmente, difundir contidos ou propaganda de carácter racista, xenófobo, pornográfico, sexista, de apoloxía do terrorismo ou atentatorio contra os dereitos humanos, ou actuar en prexuízo dos dereitos á intimidade, ó honor, á propia imaxe, contra a dignidade das persoas e os dereitos de autor.



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Difundir contidos contrarios os principios enunciados nos Estatutos da Universidade.
- Difundir manifestacións ou referencias falsas, incorrectas ou inexactas sobre a Universidade de Vigo, a súa imaxe institucional, o seu persoal e os seus órganos de goberno.
- Acceder ou danar os sistemas físicos e lóxicos da Universidade de Vigo ou doutras Institucións.
- Introducir ou difundir na rede virus informáticos ou calesquera outros sistemas físicos ou lóxicos que sexan susceptibles de provocar os danos anteriormente indicados.
- Instalar o utilizar software que non dispoña da licencia correspondente
- Comunicar o contrasinal de acceso os recursos a outras persoas.

2.- O persoal dos Servizos Informáticos poderá, por motivos de seguridade xustificadas, acceder aos recursos informáticos dos usuarios (ordenador, conta de correo, páxina web, etc). Este acceso limitarase unicamente as accións necesarias para resolver os problemas que este poida encontrar no uso dos recursos informáticos e finalizará unha vez resoltos estes.

3.- Se no exercicio das súas funcións o persoal informático detectara calquera anormalidade que indique a realización de usos ilícitos, poñerá en coñecemento dos Servizos Informáticos e, se procede, da autoridade xudicial.

### Artigo 5.- Protección dos dereitos

1.-A Universidade de Vigo vixiará especialmente para protexer:

- A orde pública: para evitar que a rede sexa vehículo de mensaxes que inciten ó uso da violencia ou á participación en actividades delictivas.
- A dignidade humana: para impedir calquera clase de discriminación social, relixiosa, étnica, cultural, política, sexual ou por discapacidade física ou psíquica.
- A vida privada: para preservar os dereitos e as liberdades fundamentais, tutelando a vida privada, os datos persoais e o segredo epistolar.
- os menores: para rexeitar a súa utilización, especialmente con obxectivos sexuais, e para manter unha actitude de cautela na difusión de contidos potencialmente nocivos para a infancia.



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- ó consumidor: para respectar os principios de transparencia e . accesibilidade, someténdose as normativas de protección do consumidor.
- A legalidade: en canto ó cumprimento de leis españolas.

### Artigo 6. Publicación de páxinas web

1.- A Universidade de Vigo pon a disposición da comunidade universitaria un espazo para páxinas web. Os Servizos Informáticos realizarán a asignación concreta de recursos en función dos medios dispoñibles.

2.- Poderán utilizar este recurso:

- O persoal de administración e servizos e o persoal docente e investigador. Calquera departamento, área de coñecemento, grupo de investigación, centro ou servizo.
- As asociacións ou os colectivos universitarios debidamente recoñecidos na Universidade de Vigo que desenvolvan a súa actuación no seu seo.
- Aqueles que, en virtude dun convenio ou dunha autorización emitida polo órgano competente, resulten habilitados para iso.

3.- A dispoñibilidade das páxinas web dun órgano vincularase á relación que manteña coa Universidade de Vigo, segundo a cal as devanditas páxinas poderanse suprimir cando o vínculo se extinga.

4.- As páxinas web deberán solicitarse co formulario correspondente.

Unha vez autorizada a páxina, será obrigatorio incluír nos seus contidos os datos que permitan identificar ó responsable, incluíndo un enderezo de correo electrónico de maneira que se facilite a calquera usuario o exercicio do dereito de rectificación.

5.- A información introducida referirase única e exclusivamente a actividades relacionadas coa Universidade. Prohíbese expresamente calquera información relacionada con actividades comerciais, publicitarias, políticas, pornográficas, etc.



## **NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

6.- As páxinas web ubicadas na Universidade de Vigo teñen que respectar en tódolos casos a legalidade e os dereitos fundamentais e, en particular, os dereitos ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e a protección á mocidade e á infancia.

7.- Na edición de páxinas web será necesario respectar os dereitos de autor e de propiedade intelectual, segundo a lexislación vixente. Particularmente, cando na edición de páxinas se utilice software ou contidos sobre os cales haxa dereitos de autor ou de propiedade intelectual será necesario contar coa autorización expresa do titular. Si se trata de recursos de libre disposición, haberá que indicar este feito e expresar a autoría.

8.- Na cesión de espazos, a Universidade de Vigo actúa de boa fe e non garante nin se fai responsable directamente ou subsidiariamente de calquera reclamación que poida derivarse da súa calidade, fiabilidade ou exactitude, nin dos contidos presentes nos sitios web os que, eventualmente, poidan conducir os hipervínculos incluídos nas páxinas web. O responsable de cada páxina web será responsable dos contidos que aparezan na devandita páxina.

9.- Calquera utilización de elementos representativos da Universidade de Vigo ou dos seus diferentes órganos (escudos, logotipos...etc) deberán axustarse os formatos oficiais aprobados polos correspondentes órganos de goberno da Universidade de Vigo.

10.- As páxinas web deben deseñarse de tal xeito que non poñan en perigo a seguridade informática dos recursos informáticos da Universidade. Estableceranse os mecanismos adecuados para conseguir tal fin.

### **Artigo 7. Uso do correo electrónico e listas de distribución e servicios similares**

1.- Os usuarios son completamente responsables de tódalas actividades realizadas coas súas contas de acceso e co seu buzón de correo asociado. Non deberán facilitar ou ofrecer a súa conta ou buzón de correo a outras persoas. Así mesmo, deberán ser conscientes dos termos, prohibicións e prexuízos englobados no documento sobre o abuso no correo electrónico.

2.- O correo electrónico é unha ferramenta para o intercambio de información entre persoas, non é unha ferramenta de difusión de información. Para iso existen outros servizos máis axeitados, para o cal deberán poñerse en contacto cos responsables do servizo.



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

3.- As actividades que se enumeran deseguido, constitúen prácticas ilegais segundo a normativa vixente, podendo tomarse as medidas legais oportunas:

a) A violación da seguridade dos sistemas e/ou rede poderá incorrer en responsabilidades civís e criminaís, A nosa organización colaborará ó máximo das súas posibilidades para investigar este tipo de actos, incluíndo a cooperación coa Xustiza e Corpos de Seguridade do Estado.

b) Non é correcto enviar correo a persoas que non desexen recibilo. Se lles solicitan deter esta práctica deberán facelo. En caso de que a nosa organización reciba queixas, denuncias ou reclamacións por estas prácticas, tomaranse as medidas sancionadoras axeitadas.

c) Está completamente prohibido realizar calquera dos tipos de abuso definidos no documento sobre o abuso no correo electrónico, ademais das seguintes actividades:

- Utilizar o correo electrónico para calquera propósito comercial ou financeiro.
- Participar na propagación de cartas encadeadas ou participar en esquemas piramidais ou temas semellantes.
- Distribuír de forma masiva grandes cantidades de mensaxes con contidos inapropiados para a nosa organización.
- Falsificar as cabeceiras do correo electrónico.
- As contas da nosa organización non deberán ser utilizadas para recoller correo de buzóns doutro provedor de Internet.
- Enviar correos insultantes, delictivos ou atentatorios contra a dignidade persoal

d) Estará penalizado coa cancelación da conta de correo o envío a foros de discusión (listas de distribución de correo ou grupos de discusión e similares) de mensaxes que comprometan a reputación da nosa organización, violen calquera das leis españolas ou esta Normativa.

4.- A Universidade de Vigo poderá habilitar espazo para a prestación de servizos consistentes en listas de distribución, foros, grupos de noticias ou espazos equivalentes de debate público en liña, sempre que se vincule á satisfacción das finalidades propias da Universidade.



## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

5.- Os espazos públicos de debate pódense dotar de normas de funcionamento e nomear un moderador ou administrador que as aplique. En todo caso, estas normas deben respectar os principios democráticos, o dereito á liberdade de expresión e as disposicións desta Normativa. En caso de que un usuario non utilice adecuadamente os devanditos espazos poderá cancelarse o dereito de envío as listas.

6.- A Universidade de Vigo non se fai responsable directamente nin subsidiariamente das opinións expresadas polos membros da Comunidade Universitaria nin polas expresións manifestadas por eles ou por calesquera outros nos espazos de debate público en liña que se cren.

### **Artigo 8.- Infraccións e sancións Infraccións**

As infraccións dos preceptos da normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo cualificaranse como leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves:

A realización de calquera das actividades prohibidas nesta normativa ou na lexislación vixente.

Son infraccións graves:

As devanditas violacións da normativa de usos dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo, cando como consecuencia de ditos actos se cause unha degradación nos recursos da rede ou implique á Universidade de Vigo nalgún tipo de responsabilidade.

Son infraccións moi graves:

As reiteradas violacións das condicións de uso establecidas nesta Normativa, logo dos correspondentes requirimentos por parte dos responsables técnicos da Universidade de Vigo.

### **Sancións**

Pola comisión de infraccións leves imperase a sanción de suspensión temporal do sen/izo e da conta de correo electrónico de un mes a tres meses.





## NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Pola comisión de infraccións graves imperase a sanción de suspensión temporal do servizo e da conta de correo electrónico de tres meses a cinco anos.

Pola comisión de infraccións moi graves imporase a sanción de retirada definitiva do servizo.

Graduación das sancións:

As sancións que se impoñan graduaranse atendendo aos seguintes criterios:  
Existencia de intencionalidade  
Prazo de tempo durante o que se cometa a infracción  
Reincidencia  
Natureza dos prexuízos causados

### **Medidas de carácter provisional**

1. Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves poderase adoptar, con arreglo á Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e as súas normas de desenvolvemento, as medidas de carácter provisional previstas en ditas normas que se estimen necesarias para asegurar a eficacia da resolución que definitivamente se dicte, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.

En particular, poderán acordarse as seguintes:

- a) Suspensión temporal da actividade.
- b) Precinto, depósito ou incautación de rexistros, soportes e arquivos informáticos e de documentos en xeral, así como de aparatos e equipos informáticos de todo tipo.

2. Na adopción e cumprimento das medidas a que se refire o apartado anterior, respectarase, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer os dereitos á intimidade persoal e familiar, á protección dos datos persoais, á liberdade de expresión ou á liberdade de información, cando estes puideran resultar afectados.

3. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida a adoptar cos obxectivos que se pretendan alcanzar en cada suposto.



## **NORMATIVA DE USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS E REDES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

4. Nos casos de urxencia e para a inmediata protección dos intereses implicados, as medidas provisionais previstas no presente artigo poderán ser acordadas antes da iniciación do expediente sancionador. As medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

### **Órganos competentes para a imposición de sancións**

Para a imposición de sancións por faltas leves, graves e moi graves será competente o Reitor da Universidade previo informe do Director dos Servizos Informáticos da Universidade de Vigo ou, no seu caso, dos responsables técnicos.

### **Disposición adicional**

Esta normativa afecta a tódolos usuarios e servizos proporcionados desde calquera servidor ubicado dentro da rede da Universidade de Vigo, non so os administrados directamente polos Servizos Informáticos. Os detalles técnicos e operativos oportunos corresponden ó responsable de cada servidor..

### **Disposición transitoria**

Esta normativa entrará en vigor no momento da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Haberá un prazo de 30 días para a adaptación das páxinas persoais e os dispositivos ó que establece a normativa.